


## Camiño Real ou Ruta dos Arrieiros



**Punto de partida/chegada:** Comeza na parroquia de Forzans (Ponte Caldelas) e remata na parroquia de Marcón (Pontevedra).

**Lonxitude:** Ruta lineal de 18 quilómetros.

**Modalidades:** Pode realizarse tanto a pé, como a cabalo ou en bicicleta.

**Duración:** O tempo aproximado é de 5 horas e media a pé, 5 horas a cabalo e catro e media no caso de facelo en bicicleta.

**Dificultade:** Baixa, aínda que debe terse en conta que unha parte importante do trazado discorre por asfalto.

### Historia

Este camiño ten unha gran importancia histórica posto que era a antiga vía de comunicación e de intercambio comercial entre Pontevedra e Ribadavia. Era utilizado dende o século XV para transportar o viño de Ribadavia a Pontevedra para ser posteriormente comercializado a Biscaia e á Bretaña Francesa. Por este camiño andaban os arrieiros, que eran os encargados de transportar o viño en recuas de mulas.

### Descrición

O sendeiro comeza por unha pista de terra, cruzando a estrada xeral C-531, que ven dende Porto, no concello de A Lama. Cóllese o camiño que pasa polo lugar de Feira, ata chegar á Esfarrapada. Dende aquí cóllese a pista que vai polo medio desta parroquia e leva O Coto, para seguir despois ata A Costa. Da Costa baixase ata Os Pazos ata a estrada xeral C-531. Continúase ata chegar a Ponte Caldelas. Dende aquí séguese por Cuñas cruzando unha zona de agro e monte ata chegar a estrada vella de Tourón. Crúzase de novo a estrada xeral e continúaase po run camiño de terra entre unhas fincas que nos levan a Buchabad. O chegar alí, continúaase por unha estrada asfaltada polo medio da parroquia ata a estrada C-531 e cóllese un tramo ata Vilaarchán, onde o camiño continúa pola estrada vella ata voltar de novo á estrada xeral. Crúzase esta estrada e continuamos ata Reigosa, polo antigo camiño real. O camiño pasa por detrás do polígono industrial e vai ata a Ermida. Dende a Ermida o camiño discorre ata Marcón, o final da ruta.



### Perfil do Sendeiro



### Puntos de interese

#### Arquitectura

- Camiños empedrados e amurallados.
- Igrexa Parroquial de Forzans e de Tourón.
- Muíño de Forzans.
- Peto de ánimas en Cuñas.
- Rectoral de Tourón.
- Hórreo de Tourón.
- Casa grande de Buchabad.
- Cruceiro das Leiras en Buchabad.

#### Elementos Naturais

- Río Barosa
- Árbores: ameneiros, salgueiros, freixos, loureiros, carballos, piñeiros, ruscos, sabugueiros, xestas e espiños.

- Fauna: Eslizón común, lagarto ocelado, lagarto verdinegro, sapos, salamandras, ratoeira, pardal, lavandeira, cuco, bubela, ocas, patos, ourizo, toupa, musaraña, coellos e esquiños.

#### Zonas de recreo

- Regato de Xián.
- Árbores: carballos, amieiros, sanguíños, abeleiras, bidueiros, piñeiros, acacias, salgueiros e xestas.
- Fauna: xabarís, coellos, raposos, nutrias, denociñas, aguias, corvos, mouchos, pegas, pombas toraces e outros paxaros menores, lagartos, troitas e serpes.